

Terceiro premio: “Lembranzas dun tempo que xa non volta”

Matías Díaz Otero

Ola avoa, quería facerche unhas preguntas para un traballo do instituto. É sobre as feiras tradicionais galegas, especialmente as que se facían aquí, na Mariña. ¿Ti ías moito ás feiras cando eras nova?

Ai, meu ben, claro que si! As feiras eran o acontecemento do mes. Agardabámolas con moita ilusión, porque era o día no que se xuntaba todo o mundo. Aínda que vivises perdido no monte, ese día baixabas á vila.

E como eran aquelas feiras? ¿Parecíanse ás de agora?

Nin punto de comparación. As feiras de antes eran verdadeiras romarías. Había de todo: gando, produtos da horta, roupa, ferramentas, doces... Os homes ían mercar ou vender vacas, porcos ou ovellas, e as mulleres levaban ovos, queixos, grelos... Era unha maneira de gañar unhas pesetas ou trocar cousas que facían falta na casa. E a xente quedaba para falar, poñerse ao día, saber de familiares que vivían lonxe... Era un punto de encontro social.

¿E onde se facían esas feiras? ¿Recordas algunha en especial?

A feira de Mondoñedo era moi famosa, e tamén a de Lourenzá, a de Riotorto ou a de Foz. Cada concello tiña o seu día. A de Mondoñedo, por exemplo, era os mércores. Íamos andando moitas veces, ás veces unha hora ou máis, porque non había coches como agora. Colliamos o cestiño coa mercadoría e ala íamos, con risos e cantos, e tamén moita chuvia, que daquela nunca faltaba. Se chovía, mollábaste, non había máis.

¿Que era o que máis che gustaba da feira?

Pois o ambientíño, claro! E ver xente que só se vía ese día. Tamén me gustaban moito os postos dos doces: os churros, as rosquillas, o pan de ovo... Aínda me lembro do cheiro a azucre e a canela. E as gaitas, porque sempre había algún gaiteiro tocando, e ás veces ata se bailaba unha muiñeira alí mesmo, no medio do campo. Era unha ledicia.

¿E mercábase moito? ¿A xente tiña cartos?

Poucos cartos había, pero facíase o que se podía. Ás veces trocábase, como che dicía: dúas ducias de ovos por un saco de patacas, ou un queixo por un anaco de touciño. A feira era tamén unha maneira de sobrevivir, non só un día de festa. E moitas veces, os tratos facíanse con moito respecto. Unha aperta valía máis que unha firma.



Matías coa súa entrevistada

¿Ían tamén os nenos e nenas?

Si, claro. Non había con quen deixalos! Ían da man das nais ou dos avós. Eu lembro ir de pequena e mirar todo con ollos ben abertos. Todo me parecía enorme e fascinante. Cando tiñas sorte, caíache unha lambetada ou algún xogueteño de madeira que vendían por catro perras. Había tamén aqueles globos de cores, que duraban dous días, pero facíanche sentir feliz.

¿E había espectáculos ou algo así?

Algún había. Sobre todo, os cegos que cantaban coplas ou contaban historias da guerra. A xente xuntábase ao redor e escoitaba en silencio. Tamén viña algún fotógrafo co cabalo de cartón, e se tiñas cartos, facías unha foto de recordo. Para moita xente era a única foto que tiñan na vida. Tamén viñan os vendedores ambulantes que facían demostracións de produtos máxicos que todo curaban. A xente quedaba abraiada.

¿As mulleres tiñan un papel importante nesas feiras?

Moitísimo. Aínda que non se recoñecía, eran as que levaban o control das contas, as que sabían os prezos e negociaban duro. Moitas veces eran elas as que vendían os produtos da casa e traían de volta o que se necesitaba. Eran listas e sabias. Iso si, traballaban arreo.

Que bonito todo iso. E agora que o pensas, ¿cres que se perdeu moito desa tradición?

Perdeuse bastante, si. Agora as feiras son máis ben mercados, e non teñen aquela alma. Xa non hai gando nin música nin aqueles encontros que che alegraban o día. Todo é máis frío. Pero bueno, tamén é normal, os tempos cambian. O importante é que non se esqueza o que fomos.

E ti que cres que se podería facer para que a xente nova valore esas cousas?

Pois cousas como esta entrevista! Falar cos maiores, escoitar, aprender. Porque nós vivimos un tempo duro, pero tamén moi rico en tradicións. Se as gardades na memoria, non morrerán. E quen sabe, igual algún día volven, aínda que sexa doutra maneira. Tamén estaría ben facer feiras temáticas de vez en cando, como as antigas, para que a mocidade vexa como era todo aquilo.

Grazas, avoa. Encantoume escoitarte.

Grazas a ti, meu ben. Sempre é bo lembrar, e máis se é para ensinar algo.



Organiza:



Patrocinan:



Colaboran:

